

4.5 CONCLUSIÓNS DA AVALIACIÓN PREVIA DO PEG 2010-2014

A valoración da avaliación do Plan estratéxico 2010-2014 considérase positiva con base nos seguintes elementos:

- A estrutura da estratexia formulada como unha árbore de eixes e obxectivos, 1 obxectivo global, 5 eixes de intervención e 16 obxectivos estratéxicos, permite coñecer a estratexia de desenvolvemento subxacente, o detalle dos contidos das actuacións e a relación lóxica entre ambos.
- A vinculación da estratexia coas debilidades e fortalezas da economía de Galicia e a súa coherencia financeira é pertinente e axeitada.
- A coherencia externa da estratexia cos PO comunitarios 2007-2013, cos plans sectoriais da Xunta e cos temas do diálogo social móstrase de forma clara e correcta.
- Os eixes e obxectivos estratéxicos formulados presentan unha cuantificación estimada. O seu seguimento financeiro permitirá determinar a necesidade de realizar algunha reformulación estratéxica ou corrección financeira, se fose necesario.
- O conxunto de indicadores de contexto, estratéxicos, de realización, de resultados e de impactos, así como os específicos de crecemento, coñecemento e sostibilidade, permitirán tamén seguir a evolución das actuacións de cada obxectivo estratéxico.
- O plan considérase viable, xa que o seus recursos financeiros enmárcanse nos presupostos da C. A. de Galicia, o que é unha garantía inicial de cumprimento.